

INFORME PARA A UNIDADE DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE
DE VIGO:

Axudas a actividades 2014

DEBATES E CONFERENCIAS SOBRE AS DIFERENTES
MANIFESTACIÓNS DA VIOLENCIA DE XÉNERO: ACOSO, ABUSO E
MALTRATO.

Informe realizado por:

Fátima Braña Rey

Antropóloga - Universidade de Vigo

Silvia Pérez Freire

Socióloga especialista en Violencia de Xénero

Táboa de contido

DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE	3
Preparativos e contactos:.....	4
GRUPOS DE DEBATE:.....	6
Resumo de declaracións e acordos das persoas asistenes aos debates:.....	6
CONFERENCIA:.....	8
AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE:	9
CONCLUSIÓNS:	10
ANEXO I.....	11
ANEXO II	12
ANEXO III.....	13
ANEXO IV.....	17

DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

Dacordo coa resolución de axudas para a organización de conferencias, xornadas e actividades para contribuír á sensibilización en materia de xénero e a trasmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo do 26 de xuño do 2014 no que se concede ao proxecto “Debates e conferencias sobre diferentes manifestacións da violencia de xénero: acoso, abuso e maltrato” presentado por Fátima Braña procedeuse a posta en marcha nas datas acordadas entre o 13 e o 23 de outubro do ano 2014 á actividade.

O proxecto tiña como obxectivos:

- Atender as percepcións e as diferentes aportacións de cada persoa participante entorno a violencia de xénero.
- Fomentar a concienciación da problemática de violencia de xénero.
- Divulgar as experiencias do alumnado en relación á violencia de xénero en diferentes contextos.

Descríbese na solicitude que se ían realizar dúas accións: por unha banda dous grupos debate compostos por alumnado (entre 6 e 10) do Campus de Ourense sobre o tema central: violencia de xénero: acoso, abuso e maltrato; por outra banda unha conferencia que recollera e respondera todas as cuestións formuladas nos grupos de debate. Esta conferencia pensouse para as persoas participantes nos grupos de debate e que fora aberta a toda a Comunidade no Campus de Ourense.

Os debates proporcionarían:

- información sobre como se percibe o problema por parte do alumnado de diferentes titulacións,
- reflexión das participantes no debate ao ter que escoitar e falar sobre os temas propostos o que supón unha acción directa (a pequena escala) para o fomento da igualdade e,
- a base para tratar os temas na conferencia aberta a todo o Campus.

Unha vez realizada a actividade podemos dicir que, en grande medida, todas as accións tiveron o efecto desexado e cumpríronse os obxectivos. Obviamente no transcurso da actividade detectamos cuestións que precisan de mellora e casuísticas que haberá que ter en conta para futuras actividades.

Preparativos e contactos:

Solicitouse un crédito de libre configuración que foi denegado sen posibilidade de recorrer a decisión da Comisión.

Realizouse o deseño pormenorizado e o cronograma de actuacións a realizar. Despois de falar con diferentes especialistas acordouse que a persoa idónea para a conferencia sería Lola Ferreiro Díaz, experta en Violencia de Xénero e profesional da saúde mental con ampla experiencia no tratamento desta violencia, quen se prestou moi amablemente a incluír as cuestións e dúbidas formuladas nos grupos como parte do seu discurso e presentación na conferencia.

En canto á organización dos grupos, a primeira tarefa foi facer un estudo de titulacións no Campus de Ourense e atopar profesorado que puidera facilitar un tempo da súa aula co fin de reclutar unha ou dúas persoas para os grupos de debate de cada titulación.

Contouse desde o comezo coa inestimable axuda de Silvia Pérez Freire quen axudou ao contacto e reclutamento de alumnado procurando que os grupos de debate incluíran persoas de diferentes titulacións, realizou a gravación e moderou os grupos de discusión, realizaou a transcripción das gravacións, así como participou na redacción deste informe final.

Solicitamos material de difusión á Dirección Xeral de Xuventude, Dirección Xeral de Saúde Pública e Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Con todo o material aportado (unidades didácticas sobre educación para a igualdade "Cartas de Amor", folletos informativos de diversa índole dos recursos sociais en materia de violencia de xénero e de prevención da saúde sexual, así como mostras de material preventivo) encherónse sobres tamaño A4 como agasallo educativo e sanitario para todas as persoas que participaron nos grupos de debate.

Elaboramos un dossier con novas relacionadas co abuso, acoso e maltrato así como unha presentación con vídeos e imaxes co fin de ter propostas por se o debate non fora espontáneo. Xuntamos no Anexo I estes materiais.

Contactouse cun total de trinta e seis docentes de todas e cada unha das titulacións do Campus de Ourense. Salvo unha excepción concreta temos que destacar a boa receptividade e colaboración de todo o profesorado. Estes contactos, feitos coa única presentación do tema e os obxectivos do traballo a realizar, foron fundamentais. Proporcionáronos persoas voluntarias, tamén permitiron ter un tempo nas aulas para explicar a actividade e reclutar voluntariado e facilitaron a asistencia do seu alumnado tanto aos grupos de debate como á conferencia. Sen esta colaboración non tería sido posible facer esta actividade e obter o resultado final.

Ademais dos contactos a través do profesorado e visitas ás aulas contactouse con alumnado nas cafeterías, prácticas e procurouse fomentar o "boca a boca". Se ben nas titulacións de Ciencias da Educación a colaboración por parte do

alumnado foi numerosa, no resto de titulacións foi escasa. Isto nos levou a considerar que para captar nas titulacións podería ser máis exitoso optar por outras técnicas noutros espazos (difusión nas cafeterías do campus e bibliotecas, etc, como se tentou, finalmente) ou ben unha promoción máis prolongada no tempo. Hai que salientar que foi un grande esforzo de captación do alumnado que non se tiña previsto no momento do deseño da actividade. Houbo momentos nos que se pensou abandonar a posibilidade de facer un grupo con alumnado que non fora de Educación máis, debido ao empeño de ambas profesionais por conseguir un espectro de alumnado do maior número posible de titulacións e o apoio do profesorado, conseguimos facer un terceiro grupo de debate, máis pequeno, pero que nos deu unha nova perspectiva sobre como o alumnado fóra dos ámbitos formativos vinculados á educación reflexiona sobre o tema. Aínda así, pese aos esforzos realizados, non se puido contar con alumnado da Facultade de Ciencias nin das titulacións Dereito e ADE.

Para a captación de alumnado interesado visitáronse en total 10 aulas e que xunto coa captación realizada nas cafeterías das Facultades de CC Empresariais e Turismo e Edificio Politécnico permitiu recoller os datos de 60 persoas interesadas en participar nos grupos de debate.

Unha vez recollida esta lista confirmouse a dispoñibilidade para o día e hora convenido para cada un dos grupos de debate.

Os grupos se puideron formar cun total de 25 persoas. Dato que está por riba das nosas expectativas iniciais, pois pensabamos realizar só dous grupos de debate que supuñan unhas 20 persoas.

Cada grupo de debate foi moderado por Silvia Pérez ou Fátima Braña. A idea era que se seguira, dentro do posible, a técnica dos grupos de discusión. Neles as moderadoras plantean unha serie de cuestións abertas e as persoas que fan parte do grupo elaboran o seu propio discurso poñendo de relevo acordos e desacordos segundo os puntos tratados.

O guión para os grupos de debate tiña tres apartados principais denominados bloques temáticos cada un deles cun obxectivo principal (Anexo II).

- 1º Bloque. ¿Qué se entende por Acoso, abuso e maltrato?:
Obxectivo: definir estes tres tipos de violencia de xénero.
- 2º Bloque – Contextos de acoso, abuso e maltrato:
Obxectivo: achegar o problema a vida cotiá.
- 3º Bloque – Recomendacións:
Obxectivo: procurar a reflexión sobre a actuación persoal e grupal ante a violencia de xénero.

GRUPOS DE DEBATE:

Os grupos de debate tiveron unha duración entre unha hora a cincuenta e dous minutos.

Houbo tres grupos de debate organizados segundo titulacións:

Grupo 1. Composto por seis varóns e catro mulleres.

Grupo 2. Participaron dous varóns e sete mulleres.

Grupo 3. Integrado por tres varóns e tres mulleres.

En todos eles solicitouse o consentimento informado verbal para a gravación da sesión e para a súa utilización con fins de divulgación e estudo sempre salvagardando a identidade das persoas asistentes.

Resumo de declaracións e acordos das persoas asistentes aos debates:

Neste apartado aportamos unhas breves conclusións sobre como se deu o debate seguida das declaracións e acordos recollidos en cada un deles.

Debate grupo 1. (1:04':12'')

Grupo moi informado e moi participativo. Dificultades á hora de identificar os límites e establecer unha definición clara. Parece claro que as persoas do grupo manexan moita información pero a argumentación é confusa e mesmo contradictoria ó longo do debate en función da perspectiva dende a que é abordada. Adóitase un discurso "políticamente correcto" pero que non se ten suficientemente interiorizado (razonado): todo o tempo se fala "dende fora", é dicir, atribucións á sociedade e ós outros/as pero sen recoñecer os riscos que todos podemos posuír e mesmo tolerar nas accións de acoso, abuso e maltrato. Está sen madurar qué facer nestas situacións.

- 1º Bloque. ¿Qué se entende por Acoso, abuso e maltrato?:

O acoso relaciónase coa persecución ou coa traizón da confianza. O abuso enténdese como a "utilización dunha persoa por parte de outra" O maltrato enténdese que engloba as outras condutas ou "son sinónimos".

Sobre as situacións e persoas envoltas na violencia de xénero neste grupo se afirman diferentes cuestións como que "é como unha bola de neve" tanto que no sentido de reproducira conduta como de agravarse. Enténdese tamén que a partir dunha idade (ao redor dos dez ou doce anos) as persoas son conscientes do dano que están infrinxindo a outras. Por outro lado se vincula unha persoa maltratadora co ser "malo/a", é dicir, é unha cualidade intrínseca, aínda que tamén se admite como adquirida.

- 2º Bloque – Contextos de acoso, abuso e maltrato:

En canto a experiencias é compartida a visión de que na escola calquera cualidade diferencial pode constituír un motivo de exclusión e de maltrato.

Descríbíronse diferentes feitos de maltrato escolar.

- 3º Bloque – Recomendacións:

Admítese que hai un modelo de tipo de persoa estruturalmente establecido e difundido por diversas canles de socialización que fomentan a visión negativa de certas diferenzas e estas se asumen como deficiencias que promoven o maltrato. Sobre opcións entráse nun bucle no que sociedade e individuo reproducen e fomentan a desigualdade.

Debate grupo 2. (1:06':03'')

Un grupo bastante informado e participativo. Hai persoas do grupo moi posicionadas ideolóxicamente e non parece haber moitas discordancias nas definicións. Un pouco máis nas apreciacións sobre a posición das persoas envoltas nas situacións de desigualdade e de violencia. Claramente identifican a violencia dentro do sistema patriarcal. Tamén se asume no grupo a cercanía da desigualdade e a violencia nas situacións cotidianas. Mesmo póñense exemplos na práctica docente e da súa experiencia.

- 1º Bloque. ¿Qué se entende por Acoso, abuso e maltrato?:

A violencia de xénero vincúlase coa falta de respecto ou con sentimento de superioridade e supoñen “unha intromisión na vida doutra persoa sen o seu consentimento”. Fálase dunha gradación na gravidade das diferentes formas de violencia, entendendo que o maltrato é a de maior gravidade.

- 2º Bloque – Contextos de acoso, abuso e maltrato:

As persoas obxecto de violencia de xénero pénsase que teñen baixa autoestima máis hai diverxencia no grupo sobre se esta é anterior ou consecuencia da situación de violencia. Enténdese que a violencia de xénero é un reflexo da sociedade, que sempre haberá dinámicas de dominación “unha muller respecto dun home, ou un estranxeiro respecto dun español”.

Coméntase como hai titulacións en que se incide na formación sobre igualdade mentras que noutras non. E tamén

- 3º Bloque – Recomendacións:

Unha posición do grupo neste sentido é que a “víctima non é consciente das capacidades que ten para afrontar ese problema” e unha das opcións é ter unha rede de apoio que permita recoñecer a súa capacidade e procurar opcións alternativas á situación de violencia.

Debate grupo 3. (52':57'')

Un grupo máis heteroxéneo no que apréciase a falta de formación en violencia de xénero. Parece que hai membros que sufriron ou tiveron cerca situacións de violencia no ámbito escolar. Foi un grupo difícil pois non se daba ó debate nin a comunicación entre as persoas e cando se daba percibiuse certa incomodidade. Isto provocou que a moderadora tivera máis intervencións e finalmente recurrera a documentación poñendo o vídeo sobre acoso na rúa.

Por un momento se percibe a diferenza de xénero e a desigualdade como formas estruturais na sociedade e non acompañadas dunha certa posición social ou grupal.

Encadran a violencia de xénero dentro de realidades marxinais e alleas ao seu contexto. Entenden que a madurez e independencia son elementos que traballan en contra de estar en situacións de violencia.

- 1º Bloque. ¿Qué se entende por Acoso, abuso e maltrato?:

Enténdense as tres formas como similares aínda que se puntualiza que a diferenza podería estar nunha escala entre a violencia psicolóxica e a física. Tamén a diferenciación terá que ver con tratr entre iguais no caso do acoso, e no abuso estar nunha posición xerárquica diferencial. Finalmente o maltrato sería unha forma de violencia máis duradeira no tempo e máis complexa de erradicar.

- 2º Bloque – Contextos de acoso, abuso e maltrato:

As persoas que son “víctimas” o son por ignorancia e pasividade e pensan que as persoas que maltratan o fan conscientemente. A vilencia ten que ver coa foza física co que as mulleres é máis doado que aparezan como vítimas. Tamén coméntase no grupo que as mulleres poden maltratar pero de forma psicolóxica.

As persoas deste grupo pensan que “hai espazos nos que si é máis posible que se dean como en grupo de xitanos, xente alcohólica...”. Tamén o colexio aparece como un espazo de violencia de xénero e neste caso como nos grupos anteriores móstrase que ter algunha característica percibida como “diferente” pode ser detonante de violencia.

- 3º Bloque – Recomendacións:

A educación para este grupo é a forma de traballar pola igualdade, máis como no resto dos grupos pénsase que o problema é endémico polo que é utópico pensar en resolvelo.

CONFERENCIA:

A conferencia preparouse solicitando a gravación á TV-Uvigo. A idea desta solicitude e que este material quedara aberto a toda a Comunidade universitaria e servira como recurso educativo ao servizo de docentes e discentes.

Solicitouse o Salón multiusos Emilia Pardo Bazán debido á proximidade de maior parte do alumnado que participou nos grupos de debate. A capacidade desta sala é de aproximadamente 120 persoas.

Empregáronse dúas pantallas para non reducir a capacidade da sala pois se se utiliza a pantalla central redúcese á metade o aforo.

Grazas ao apoio do profesorado a asistencia foi masiva e veu alumnado e profesorado de diferentes facultades, non só de Ciencias da Educación. Case chegouse a completar o aforo.

Ademais da conferencia decidiuse que se incluía na exposición unha participación do programa Quérote+ pois o 20 de novembro é o día internacional da proba antisida e por isto Millán Brea Castro, educador social de Quérote+ Ourense, fixo unha pequena explicación dos obxectivos da oficina así como da súa relación coa violencia de xénero e as prácticas de saúde e sexualidade.

Tras esta breve presentación entrevistou a poñente convidada Lola Ferreiro Díaz quen comezou a explicar cada un das formas de violencia de xénero e como esta baséase na sociedade patriarcal sobre a desigualdade que está en relación coa violencia estrutural e simbólica.

Como xa dixemos o contido teórico da conferencia foi estruturado a partir das afirmacións que o alumnado fixera nos debates co que a conferencia foi respondendo a cada unha das dúbidas formuladas nos debates, así como aos erros de perspectiva como pode ser encaixar a violencia de xénero nun determinado grupo social. Na mesma conferencia a audiencia foi preguntada sobre a súa opinión e experiencias sobre as relacións interpersoais desde unha perspectiva de xénero o que a fixo máis participativa que unha conferencia académica ao uso.

A conferencia durou entorno a unha hora e contouse cun debate co alumnado de aproximadamente 20 minutos. Ambas están gravadas e nunhas semanas estarán na páxina web de TV-Uvigo.

Ao finalizar a conferencia instouse ao alumnado a recoller material que Quérote deixara. Material educativo e de saúde sexual.

Finalmente recolléronse as avaliacións da conferencia, mais lamentablemente unha grande parte da audiencia non cubriu ou entregou a enquisa co que só contamos cunha representación do 60% do alumnado asistente na avaliación.

É a nosa intención traballar con estas avaliacións para continuar co análise do traballo realizado en colaboración coa Unidade de Igualdade.

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE:

Segundo é costume na Unidade de Igualdade todas as actividades son avaliadas polas persoas participantes. Así, tanto nos debates como na conferencia "Acoso, abuso e maltrato" pasamos esta enquisa realizada pola propia Unidade de Igualdade. Lamentablemente non todas as persoas asistentes a entregaron ao finalizar a conferencia.

En total conseguíronse 90 cuestionarios cubertos que nos mostran uns datos que estimamos bastante positivos en canto á valoración por parte do alumnado da actividade realizada.

A información previa valorouse ben por un 41% e moi ben 28%. En canto a organización un 58% calificárona de ben e un 20% de moi ben. A duración foi boa para un 50% e moi boa para un 23%. O nivel de contidos considerouse bo nun 44% e moi bo nun 30%. As expectativas das persoas participantes

cumpríronse ben 43% nun e moi ben nun 33%. As persoas participantes consideran nun 46% que a actividade foi moi util para a súa formación académica e de boa nun 40%. Finalmente pensan que para a seu desenvolvemento persoal a actividade foi moi boa nun 65% e boa nun 30%. Pódense ver os gráficos de cada pregunta no Anexo III.

CONCLUSIÓNS:

Pola nosa parte valoramos que cumprimos os obxectivos da actividade para o fomento da igualdade.

Realizamos as tarefas programadas e incluímos un grupo máis de discusión. Así como un esforzo extra de captación que nos permite ter unha base de datos de profesorado sensible á violencia de xénero que podería realizar futuras actividades.

Na nosa opinión a actividade tivo un impacto moi superior ao esperado pois non só as persoas asistentes ao grupos de debate ou á conferencia estiveron implicadas senon tamén todas aquelas persoas que participaron dalgún xeito na difusión da mesma: integrantes das aulas visitadas, o profesorado colaborador que dou a coñecer nas clases a iniciativa, os/as voluntarios anotados das titulacións vinculadas á educación e que, finalmente non foron convocados para o debate, etc. polo que durante dúas semanas pensamos que puxemos un graniño máis de area para que o Campus de Ourense perciba a desigualdade de xénero.

Por outra banda, ademais dos obxectivos para actividade e de cumprir con todas as tarefas indicadas na solicitude realizouse un esforzo extra que nos permite concluir que é preciso continuar con esta liña de traballo incidindo máis nas titulacións como Historia, ADE, Turismo, Ciencias e Tecnoloxía e Dereito. Neste sentido quizais sería definitivo contar coa implicación nos proxectos, desde o primeiro momento, cun grupo de profesorado interesado para cada unha das titulacións e traballar en grupos pequenos.

A nosa avaliación é moi positiva por canto se cumpriron obxectivos e dos debates recolleuse información esencial para a análise da percepción da violencia de xénero por parte do alumnado do Campus de Ourense. Neste sentido, tamén se deriva desta actividade a posibilidade de realizar unha investigación que parta do material recollido nos grupos de debate.

Ourense a 22 de outubro do 2014.

Asdo: Fátima Braña Rey
Responsable da Actividade
Área de Antropoloxía social
Universidade de Vigo

ANEXO I

Materiais de apoio para o tratamento da violencia de xénero:

**ACOSO,
ABUSO,
MALTRATO...**

CAMPUS DE OURENSE. UNIVERSIDADE DE VIGO. PATROCINA UNIDADE DE IGUALDADE

ACOSO CALLEJERO

<https://www.youtube.com/watch?v=Kjvmz6jirK0>

**MUJER INTIMIDA A
HOMBRES AL
RESPONDER PIROPOS.
CHILE.**

https://www.youtube.com/watch?v=2Uc_65dy7-I

**YO VIAJO SEGURA EN EL
METROPOLITANO: CAMPAÑA
PARA PREVENIR EL ACOSO
SEXUAL. PERÚ.**

<https://www.youtube.com/watch?v=yeKkBPFTVM>

**VIOLENCIA DE
XÉNERO:**

Málaga: http://www.huffingtonpost.es/2014/08/20/violacion-malaga-detenido_n_5695095.html

Amnistía: <https://www.es.amnesty.org/paises/espana/violencia-de-genero/>

https://www.youtube.com/watch?v=G9g_a091N0w

Salir corriendo: Amaral:
<https://www.youtube.com/watch?v=WY0nR13QAxQ>

**LUGO BUSCA RESPUESTAS
AL VÍDEO DEL ABUSO
SEXUAL EN UN PARQUE A
UNA CHICA**

ARXENALGALICIA / LUGO Día 18/09/2014 - 11:48h

Tanto el joven que grabó las imágenes como el presunto autor de los abusos ya fueron detenidos. La grabación se difundió a través de WhatsApp.

Lugo busca respuestas al vídeo del abuso sexual en un parque a una chica

El vídeo fue difundido a través de WhatsApp

La policía se desahó en Monforte de Lemos tras hacerse pública la difusión de un vídeo de alto contenido sexual grabado en un parque del municipio lucense. La joven que aparece en la grabación puso una denuncia por un supuesto delito de abuso sexual, y tanto el joven que grabó el vídeo como el presunto autor de los abusos ya fueron detenidos. Ambas personas comparecieron en el juzgado del Cuerpo Nacional de Policía de Monforte de Lemos en los próximos días para explicar su versión de los hechos.

Tan pronto como tuviera conocimiento de la difusión de ese vídeo de alto contenido sexual, agentes del Cuerpo Nacional de Policía de Monforte iniciaron una investigación para esclarecer las circunstancias que rodearon dicha grabación, que se realizó en un parque del municipio lucense la misma noche en la que se celebró en ese lugar un festival de música rock.

Identificados el autor del vídeo y el joven que, aparentemente, cometió los abusos denunciados, los agentes ya tomaron declaración a los posibles testigos de la grabación. Algunos de ellos comparecieron de forma voluntaria y otros fueron citados por la propia joven que aparece en el vídeo.

Difundido por WhatsApp

Por la comisaría pasaron incluso los organizadores de ese festival, que desvincularon por completo la suculencia con la celebración del propio evento.

La grabación fue difundida a través del servicio de mensajería instantánea gratuita WhatsApp y en ella se ve según señala ERE a una joven con síntomas de embriaguez, que está acostada en el suelo. Además, muestra a una chica le practica sexo oral. La joven alega que los hechos grabados en ese vídeo no fueron consentidos.

ANEXO II

Principais puntos do gui3n dos grupos de debate

GRUPO DE DEBATE

A din3mica do Grupo versar3 sobre unha conversaci3n colectiva dos temas xerais que se adiantan a continuaci3n. Garantizarase a confidencialidade das declaraci3ns realizadas por cada persoa e as declaraci3ns recollidas servir3n para realizar un informe para a Unidade de Igualdade e o an3lise posterior para unha publicaci3n cient3fica.

1º Bloque. ¿Qu3 se entende por Acoso, abuso e maltrato?:

Definici3ns, relaci3ns entre as diferentes formas de violencia de x3nero...

2º Bloque - Contextos de acoso, abuso e maltrato:

Experiencias coñecidas, exemplos, roles...

3º Bloque - Recomendaci3ns:

Posibles acci3ns en positivo, elementos que poden axudar a mellorar a situaci3n de violencia....

GRAZAS POLA TÚA COLABORACI3N

ANEXO III

Transcripción parcial da conferencia abuso, acoso e maltrato.

Conferencia Lola Ferreiro Diaz (20-10-2014). 1h:16m:85s.

Doutora en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Santiago de Compostela, é membra do Grupo Lúa Crecente, de estudos e deseño de programas de Educación para a Saúde, dende a perspectiva de xénero. Conta cunha ampla e dilatada experiencia no tratamento da Violencia de Xénero dende o ámbito da saúde mental e colabora como experta asesora na coordinación e desenvolvemento dos programas públicos adicados a este tema.

Aclaracións nas definicións:

(00m:43s)

L: ... unha das apreciacións da palabra acoso bastante coñecida é a insistencia, a presión ou a molestia para conseguir algo de alguén, é dicir, unha persoa está sendo acosada se outra, ou outras, evidentemente, lle premen, lle insisten y lle fan a vida molesta para que faga algo que non quere facer, ou que non faga algo que quere facer, tamén, non? danse nas dúas direccións... outra é, persecución sen descanso, é dicir, unha persecución que non parece ter unha finalidade clara de obrigar a persoa a facer algo pero a persegue, a molesta e en todo caso causándolle sufrimento, temos exemplos deste último, por exemplo, nos casos de acoso escolar, onde de repente a unha alumna ou a un alumno as veces tamén, o perseguen sen descanso, lles fai sufrir, a vida imposible, etcétera, etcétera, formalizando esa persecución nunha diferenza que teña, por exemplo, con respecto ós demais, tipos porque ten... decíades nos grupos de debate, porque ten gafas, porque ten aparato, referíndose supoño os de ortodoncia, os brackets, porque é gorda, porque é delgada, porque non salta ben en ximnasia, porque non sei qué, non sei cantos... todas estas cousas tamén... tamén son acoso. Por tanto, evidentemente, sexa na forma que sexa o acoso é unha forma de maltrato, non?. En canto o abuso, o abuso é... en todo caso unha práctica inxusta sempre, non? y caracterízase por un uso excesivo e/ou non apropiado de autoridade... eu vouvos poñer así exemplos así en plan medio provocación, a ver se se quenta o ambiente e así intervimos todas, non? vamos a ver, eu son médica e por tanto creo que antes de falar mal de calquera outra profesión teño que falar mal de un sector da miña, non? se unha persoa por exemplo allea, absolutamente allea ó ámbito da saúde, vai a consultar un problema que ten con unha médica ou con un médico e ésta lle fala en términos técnicos absolutamente de tal maneira que a persoa non entende o que lle está dicindo, ponse nerviosa porque non sabe... vamos, hai palabras que dende logo á xente común lle indica que están para... (...) e esto non é así! en principio... ese é un abuso de autoridade, é un abuso de autoridade, a terminoloxía técnica está para entendernos entre nós y esto é

economía da linguaxe, é dicir, cun palabra resolver o que che levaría un parágrafo pero a xente usuaria hai que falarlle na súa linguaxe, non na nosa, outra cousa é un abuso de autoridade, este é un exemplo pero hai moitísimos... (...)

L: entendemos que o acoso por un lado e o abuso por outro son dúas sortes de maltrato cara as persoas pero hai diferencias entre elas, poderíamos dicir que o acoso é un dos aspectos do abuso pero o abuso é moito máis amplo que o acoso, a maior parte das veces esixe forza ou posición de superioridade ou de poder, o acoso, non. En calquera caso, as dúas son expresións de maltrato que pola súa vez é moito máis amplo que o acoso e o abuso, por tanto, o máis superficial, é dicir, o máis concreto sería o acoso, logo un pouco máis amplo, abrangue máis aspectos que o acoso estaría o abuso y por último estaría o maltrato que abrangue moitas máis cousas que o acoso y que o abuso. O conxunto de todas estas cousas, en calquera caso, son unha cuestión patriarcal y, en consecuencia, hai que analizar todo esto necesariamente desde a perspectiva de xénero... xa sei que algunhas das vosas compañeiras e compañeiros nos grupos de debate, de discusión falaban que claro, tamén pode maltratar, acosar ou abusar unha muller... é certo, tamén pode face-lo, unha muller cun funcionamento patriarcal, en todo caso, que as hai, eh! pero temos que ter en conta que a inmensa maioría das situacións diríxense cara as mulleres polo feito de se-lo e esto é violencia de xénero, en consecuencia, temos que relativizar un pouco esta cuestión porque aquí estamos falando de maiorías, xa veremos despois que hai violencias que non son de xénero pero xa veremos tamén que teñen moito que ver coas violencias de xénero.

O conto de referencia...

(27m:44s).

L: ... fixédevos ben, eu e moitas mulleres que atendemos a outras mulleres que están en situación de violencia de xénero, de pronto un día falabamos, cambiamos moitas veces impresións sobre este asunto, claro y hai unha operación terapéutica que se fai con frecuencia, que non vén a conta agora pormenorizar pero na que se lle pide á muller que se nos diga un conto que se lembre da súa infancia, un conto calquera que se lembre da súa infancia, que leu ou que se leron ou lle contaron y que nos diga do que se acorde, que nos conte o conto, en definitiva para empezar a traballar con él y de pronto nos atopamos que moitísimas mulleres, de feito, a maioría, o conto que lembran espontaneamente que nos din e nos contan... sabedes cal é?... la bella y la bestia... la bella y la bestia... entonces eu... eu concretamente as dúas ou tres primeiras veces que mo dixeron y que me contaron o conto da Bella y la Bestia, eu non lembraba ter lido ese conto, non lembraba o conto da bella e da bestia, cun correndo merca-lo... un exemplar a unha librería porque non podes estar al pairo sen saber do que estás falando nin do que che están falando, non? e

realmente é recalcitrante... lo reúne todo, no le falta detalle, ¿quén coñece o conto da Bella e da Bestia, ou a película, da igual?, ¿qué vos parece esto? en relación por exemplo con Blancaneves, eh! qué vos parece? qué transmite máis violencia? qué transmite menos?... máis, si?... bueno, pues este é o conto que lembran, non é casualidade, nin é baladí, este é o conto que lembran espontáneamente, cando lle preguntas, a inmensa maior parte das mulleres que están en situación de violencia grave, importante, física ou psíquica grave, non é casualidade nin coincidencia, non? todo este aparato que nos transmite a literatura infantil... hai literatura para adultas, tamén, literatura para adolescentes, o cine, a televisión, a publicidade, xa é escandaloso, moitas veces, vamos, todas estas son expresións de violencia simbólica, o término violencia simbólica acuñouno un sociólogo francés que se chamaba Pierre Bourdieu que morreu non hai moitos anos y que nos axuda a comprender moi ben, moi ben... bueno, supoño que a moitas de vos sónavos este señor, y que nos axuda a comprender moi ben, moi ben, cómo se logra que un fenómeno que afecta a metade da poboación ou algo máis da metade se perpetúe nos séculos e se conserve intacto, desde aquelas alturas, non?.

A autoestima...




(48m:10s)

L: ... a autoestima é o grado de estima, de amor, de valoración, de aprezo que nós sentimos por nós y que evidentemente está en relación, dicía un filósofo e poeta árabe que a min me parece moi, moi, moi en fin, moi importante para este tema dos afectos, a xente aprende a quererse e por tanto a autoestimarse cando tivo experiencias positivas na vida e no amor, nós aprendemos a querernos se nos sentimos queridas, en primeiro lugar pola mamá e de aí po norte, por todas as persoas que nos van rodeando y aprendemos a valorarnos se nos sentimos valoradas e aprendemos a respetarnos se nos sentimos respetadas, por tanto, todo o mundo temos algún problema de autoestima, eh!... ah! por certo, esto de que hai xente que se autoestima demáis é mentira, eh! é unha trampa tamén, hai xente que se despreza profundamente y que se protexe dese desprezo facendo un mecanismo de defensa inconsciente que se chama formación reactiva que consiste en volve-lo o oposto, un trazo na nosa personalidade que non nos gusta e que non poderíamos tolerar, se o soubéramos, non? por tanto non hai xente que se quere demáis, non? hai xente que se quere ben, hai xente que non se quere non tan ben, e en calquera caso esta autoestima non é un constructo estable, é dicir, non poderíamos darlle, se lle deramos unha puntuación a autoestima, que podemos darlla, hai escalas que o permiten, poderíamos comprobar que a autoestima non está nese valor sempre, vintecatro horas do día trescentos sesenta e cinco días ó ano, eh! a autoestima sofre fructuacións pero claro sempre que estea nun rango pequeno, non nos debe preocupar, vale?. Por tanto, ¿a xente que está en situación de


maltrato ten a autoestima baixa? pois eu diría que baixísima pero é como consecuencia da situación de maltrato, non como causa, eh!.

ANEXO IV

Valoración da actividade: Gráficos estatísticos.




G.4




G.5



G.6



G.7



N=90